

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 18 de setembro de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Presidencia, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 18 de setembro de 2024**, ás 17.10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/46T/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xullo de 2024.

2. 2024/2290J PRESIDENCIA

Rectificación do acordo adoptado polo pleno provincial en sesión do 31 de maio de 2024, consistente na aprobación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Porqueira para o financiamento, execución e entrega das obras de mellora de saneamento e depuración dos núcleos de poboación do termo municipal de Porqueira (Ourense), PDM Miño-Sil ES010_3_CHCH0SCET29SR2456.

3. 2024/11152C PRESIDENCIA

Cambio de titularidade a prol do Concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense) dun treito da estrada OU-0807 Vilamartín (N-536) - San Vicente.

4. 2024/12984N PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa á difícil situación que están a vivir os viticultores da D.O. Ribeira Sacra.

5. 2024/13044A PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a inmediata posta en marcha dun plan de axudas dirixidas aos gandeiros con explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica.

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.